

edición

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [2-4] IGAEM
- [5] Escola de Altos Estudos Musicais
Centro Coreográfico Galego
- [6] Centro Dramático Galego
- [7-8] ALERTA!
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS

 Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

COMEZA A PROGRAMACIÓN CONMEMORATIVA DOS 125 ANOS DO TEATRO GALEGO CUNHA CARTELEIRA DE 25 ESPECTÁCULOS EN 40 CONCELLOS

A ACTIVIDADE ESCÉNICA ESTÁ PROTAGONIZADA POLAS PROPOSTAS DE TODOS OS ESTILOS ACHEGADAS POR 25 COMPAÑÍAS, QUE EN BOA PARTE SERÁN REPRESENTADAS EN ESPAZOS ABERTOS

A EXPOSICIÓN DIDÁCTICA ITINERANTE, QUE PERCORRERÁ 11 LOCALIDADES DE XULLO A DECEMBRO, AMOSARÁ OS GRANDES PERÍODOS HISTÓRICOS QUE ATRAVESOU O NOSO TEATRO

A Consellaría de Cultura e Deporte comeza este mes de xullo co desenvolvemento da actividade organizada para conmemorar o 125 aniversario do teatro galego, da que forman parte distintas iniciativas deseñadas para incrementar a visibilidade social das nosas artes escénicas. Unha programación especial de funcións, unha exposición didáctica itinerante e distintas accións de difusión do teatro levadas a cabo en localizacións puntuais, en festivais de teatro galegos e a través dos medios de comunicación, incidirán na difusión da parte máis lúdica do noso teatro mediante a idea de saír dos espazos convencionais para facilitar o encontro co público.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Imaxe portada: Idea Creatividade

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



[vén da pantalla anterior]

A primeira representación de teatro en galego, datada o 13 de agosto de 1882 na Coruña, coa estrea no Liceo Brigatino da obra de Francisco de la Iglesia *A fonte do xuramento* é o fito que se quere recordar na celebración de «125 anos de Teatro Galego», desde unha perspectiva que sobrepase a mera homenaxe para tentar transmitir todos os logros e potencialidades de futuro das artes escénicas do país.

PRAIAS, HOSPITAIS, LONXAS...

A programación especial, puntual e complementaria da política de programación estables que a Consellaría desenvolve a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, da Rede Galega de Salas e dos Circuitos Culturais, ten como obxectivos principais achegar o teatro a novos públicos e darlle unha maior presenza social, para o cal unha boa parte da mesma terá lugar en espazos non convencionais (lugares ao aire libre, hospitais, praias, lonxas, etc.) e estará complementada de diversas actividades e intervencións de promoción.

A escolla das montaxes realizouse tendo en conta os espazos e públicos para os que ían dirixidos e a súa adecuación ao perfil da programación. Así, as compañías e espectáculos participantes son A Factoría Teatro con *Castronós. O baile*, Artello Teatro con *Unha de amor*, Berrobambán con *Un conto que nin pintado*, Carramuxo Te-

atro con *Glub, glub*; Ciudadano Frame con *Juanito Perighro*, Compañía Femme Fatale con *Pasarrúas cabareteiro*, Galitooon con *Golulá*, La Imagina Machina con *A viaxe de Efi*, Lagarta Lagarta con *As últimas lúas*, Mariclown con *Día tras día*, Migallas con *O cantante e as mulleres*, Mofa e Befá con *Sempre ao lonxe*, Nut con *Psicose 4.48*, Os quinquilláns con *A diáspora*, Sapristi con *Alicias no médico*, Sete magníficos máis un con *A cadeira voadora*, Talía Teatro con *O merlo branco*, Tanxarina con *Os nargados*, Teatro Buratini con *Palabras de caramelo*, Teatro de Adro con *García*, Teatro do Morcego con *O Lazariño de Tormes*, Teatro do Noroeste con *Romeo e Xulieta*, Títeres Cachirulo con *Do, re, mi*, Mozart xoga aquí, Títeres Trompicallo con *Manolito en acción* e Zancalino con *Perigo: Zico, Zaca, Zuco buscando a mamá*.

As funcións, que abranguen tanto teatro de actor como de títeres de to-

dos os estilos, desenvolveranse desde xullo até mediados de setembro, e cunha maior intensidade a partir do 13 de agosto, data da efeméride que se conmemora.

IMAXES E OBXECTOS DO DEVIR TEATRAL

Canto á exposición, baixo o comisariado do estudioso da historia do teatro Carlos Biscaíño achegarase, a través de imaxes e obxectos e dun xeito didáctico e ameno, o devir do noso teatro polos grandes períodos históricos da actividade dramática galega.

Está previsto que percorra entre o 17 de xullo e o 23 de decembro de 2007 distintos centros culturais, teatros ou salas de exposicións de 11 concellos, nalgúns casos en coincidencia de datas con festivais ou eventos importantes de artes escénicas que se desenvolverán nesas localidades. O periplo da exposición comezará en Ribadavia e proseguirá pola Coruña, Cee, Carballiño, Pontevedra, O Barco, Carballo, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo, para rematar en Narón.

A celebración neste 2007 dos 125 anos do teatro galego será ademais o eixo temático de acontecementos tan importantes na difusión das artes escénicas de Galiza como a Feira Galega das Artes Escénicas, que terá lugar en Santiago do 23 ao 29 de outubro; e servirá, ademais, como punto de inflexión para a presentación en outono do Plan Galego das Artes Escénicas, actualmente en proceso de redacción.



AS REDES DE DISTRIBUCIÓN DO IGAEM REMATAN O SEMESTRE CUN BALANCE DE 1.232 FUNCIÓNS

As tres redes de distribución de espectáculos de teatro, música e danza que promove o IGAEM pecharon o seu primeiro semestre de distribución cun balance global de 1.232 funcións realizadas, das que 363 corresponden á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), 142 á Rede Galega de Salas (RGS) e 560 á Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV).

No caso da RGTA, participaron 77 compañías escénicas (30 de teatro adulto, 13 de infantil, 11 de danza, 10 de maxia e 13 agrupacións de música de cámara), que representaron 90 espectáculos (41 de teatro adulto, 13 de teatro infantil, 12 de danza, 11 de maxia e 13 de música) nos 44 espazos asociados a este circuíto de exhibición.

A RGS ofreceu na súa primeira programación a posibilidade de asistir ás propostas escénicas de 37 compañías nos cinco espazos asociados (Sala Nasa, Sala Yago, Teatro Ensalle, Teatro del Andamio e Teatro Arte Livre); en tanto que a RGMV pechou este primeiro ciclo coa realización de 560 concertos a cargo de 71 grupos e solistas de todos os estilos en 46 salas das catro provincias galegas.

Coa aplicación das novas normas de funcionamento da RGTA, este será o primeiro ano desde a súa fundación no que a Rede non terá funcións en xullo e agosto, meses estivais nos que o público poderá disfrutar das programacións específicas da Consellería de Cultura e Deporte (Circuitos Culturais, 125 Anos do Teatro Galego, etc). As actividades da RGTA, a RGMV



e a RGS iniciarán en setembro o seu segundo ciclo de distribución, cun calendario de representacións cuadrimestral (até finais de decembro) e importantes novidades na súa planificación, entre as que destaca a posta a disposición para o público da web www.galescena.info.

COMEZA O PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA REDACTAR O PLAN GALEGO DE ARTES ESCÉNICAS

A Consellaría de Cultura e Deporte iniciou o proceso de participación social para a elaboración do Plan Galego das Artes Escénicas, unha guía de estratexias e liñas concretas para que o teatro, a música e a danza de Galiza gañen protagonismo social e proxección exterior. O proceso, no que intervirán máis de 60 representantes de distintas institucións, organismos e empresas, organízase a través dunha comisión de coordinación, catro mesas temáticas e unhas xornadas finais de presentación do Plan. Mediante o concurso dos axentes institucionais e sectoriais que operan no sector quedará garantida a súa utilidade e obterase un marco eficiente e consensuado para aplicar ás artes escénicas nos vindeiros anos.

A comisión de coordinación previa, que se reuniu o pasado 29 de xuño

no Auditorio de Galicia, utilizou como instrumento de traballo o borrador existente na actualidade. Durante xullo e setembro, avanzárase nas achegas do sector por medio de dúas reunións de cada unha das catro mesas de traballo propostas (mesa sociocomunitaria, mesa de creación, mesa de industrias culturais e mesa de distribución e promoción). Os particulares interesados tamén poden realizar as súas suxestións sobre o texto que figura na páxina web do IGAEM a través do enderezo electrónico igaem@xunta.es.

A previsión é que o Plan Galego das Artes Escénicas estea finalmente redactado en outubro. A súa presentación a toda a sociedade será en novembro mediante a organización dunhas xornadas específicas para este fin, momento a partir do que se

comezará coa súa implantación a todos os niveis institucionais, empresariais e sociais.

O Plan está estruturado sobre cinco eixos directores –o da formación e creación artística, o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos e o da proxección exterior– e fundaméntase na necesidade de que a política do Goberno galego no ámbito das artes escénicas sexa unha política integral, que inclúa e comprometa no seu desenvolvemento a todos os departamentos das distintas consellarías con competencias en ámbitos relacionados co teatro e a danza en Galiza, para así poder establecer un marco estable de apoio á cultura que teña en conta as súas distintas dimensións de hoxe en día: a cidadá, a artística e a económica.



Momento da presentación do borrador do PGAE



UN TOTAL DE 35 ORIXINAIS CONCORREN AOS TRES PREMIOS LITERARIOS QUE CONVOCA O IGAEM

Un total de 35 textos inéditos concorren este ano aos tres premios de creación literaria no eido dramático que convoca o IGAEM. En concreto, son 16 os orixinais que optan ao XVI Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, 13 as obras que se presentan ao II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e 6 as que se recibiron para o V Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres, este último coas súas dúas modalidades: para rapaces e para adultos.

Os premios teñen unha dotación económica global de 18.000 euros (6.000 o Álvaro Cunqueiro, 4.000 o Manuel María e 4.000 cada categoría do Barriga Verde) e a súa concesión conleva a edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas o IGAEM en réxime de coedición con distintas empresas galegas.

A súa finalidade é incentivar a escrita dramática nos distintos xéneros e contribuír deste xeito a dotar de novas propostas dramáticas ás compañías de teatro actuais.

A de 2007 é a primeira edición na que os tres premios unifican a súa convocatoria, tanto no tocante a prazos de recepción de orixinais e de resolución, como no de composición do xurado, que a partir de agora será o mesmo para os tres galardóns. Deste xeito, igual que quedou establecido que a entrega de textos para calquera dos premios pode facerse até o 31 de maio, determínase tamén que a data do ditame non rebasará o 10 de outubro de 2007.

MÁIS DE 40 ESPECTÁCULOS GALEGOS OPTAN A PARTICIPAR NA EDICIÓ DE 2007 DA FEIRA DE ARTES ESCÉNICAS

Máis de corenta compañías de teatro e danza galegas presentaron os seus últimos espectáculos para compoñer a carteleira de exhibición da XV Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrará en Santiago de Compostela do 23 ao 27 de outubro de 2007 organizada polo IGAEM. Entre todas estas propostas levarase a cabo o proceso de selección de producións participantes, no que se aplicarán tanto criterios obxectivos como de valoración artística. Os espectáculos e compañías que integren finalmente a carteleira daranse a coñecer a finais do presente mes de xullo.

Está previsto que a representación galega na programación da Feira ascenda a máis de 20 espectáculos, sumando os de teatro de actor, de títeres e de danza. A única condición previa é que se trate de montaxes estreadas a partir do 15 de

outubro de 2006. Mediante a aplicación dos criterios obxectivos quedarán automaticamente seleccionadas as oito compañías de teatro de actor, dúas compañías de teatro de títeres e dúas compañías de danza con maior distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o primeiro semestre de 2007, así como as dúas compañías de nova creación con maior puntuación na convocatoria de axudas do IGAEM á actividade escénica. A valoración artística propiciará a inclusión de entre sete e oito espectáculos máis.

A Feira Galega das Artes Escénicas 2007 presenta importantes novida-

des, como son o traslado ao outono das súas datas de celebración, a fin de optimizar a súa incidencia no ciclo temporal de estrera e distribución das compañías, así como no de planificación e contratación por parte de programadores asistentes. Estréase ademais o Museo Fundación Eugenio Granell como nova sede operativa e de recepción de participantes, o que suporá dispoñer dun espazo de referencia en pleno casco histórico compostelán, onde se levará a cabo tamén a serie de presentacións de proxectos que forma parte das actividades paralelas ao cartel artístico.

Outra das iniciativas que se porán en marcha este ano é a política de bonificacións coa que se primará o peche efectivo de contratacións durante os días de Feira. Así, os programadores e demais representantes de teatros de fóra de Galiza que asistan ao evento poden beneficiarse dunhas condicións de compra de espectáculos moi vantaxosas, con descontos que van desde o 30% ao límite máximo do 55%, de acordo coas condicións estipuladas. O prazo de solicitude de bonificacións vai do 22 ao 31 de outubro e pode ser bonificado calquer espectáculo de teatro, danza ou maxia producido polas compañías galegas e en exhibición na Rede Galega de Teatros e Auditorios, sempre que a súa representación se produza entre o 1 de xaneiro e o 15 de xuño de 2008.



O novo perfil da Feira e toda a información sobre a mesma poderá ir consultándose na web www.feiradasartescenicas.com.

23 ALUMNOS PARTICIPA NA SEXTA EDICIÓN DO FESTIVAL DE CONTRABAIXO «LUDWIG STREICHER»

Un total de 23 alumnos galegos e de fóra de Galiza participa este ano na sexta edición do Festival de Contrabaixo «Ludwig Streicher», que se desenvolve do 6 ao 13 de xullo na sede da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) en Santiago. A cita deste ano presenta un intenso programa de actividades no que as clases teóricas e prácticas se complementan cunha serie de concertos, representacións e obradoiros de entrada libre, sempre co contrabaixo como protagonista.

A EAEM organiza este encontro, coordinado polo profesor Carlos Méndez, que naceu grazas á iniciativa dun grupo de antigos alumnos do contrabaxista austríaco Ludwig Streicher na Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid, como mellor xeito de facilitar aos instrumentistas o perfeccionamento na interpretación e, ao tempo, ofrecer ao público xeral distintas actividades que favorezan o coñecemento e potencialidade do contrabaixo.

Os alumnos inscritos asisten ás clases impartidas por un profesor do que forman parte recoñecidos contrabaxistas, como o propio Carlos Méndez, contrabaixo principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais; Christoph Filler, con-

trabaixo principal da Bilboko Orquestra Sinfónica; Damián Arenas, contrabaixo *tutti* da Orquestra Sinfónica de RTVE; e Roberto Terrón, contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE. Aos catro mestres, que imparten as sesións de repertorio solístico e orquestral, súmase Alfonso Morán, contrabaixo co-principal da Real Filharmonía, que corre a cargo das clases de jazz. Os pianistas Ángel Gago e Lorenzo de los Santos acompañanos no desenvolvemento das clases, e a Theodor Smeu corresponde o obradoiro de técnicas dramáticas.

Canto ás actividades paralelas, o venres 6 ás 22:30 horas celebrábase un concerto de Nani García Cuarteto no Jazz Club Dado-Dadá; o luns 9 ás 19:30 a EAEM acollerá a representación do monólogo «El contrabajo» de Patrick Süskind, a cargo da

compañía Maskarada co actor Gorka Mínguez. Os días 9 e 10 terá lugar ademais o obradoiro de Theodor Smeu «Técnicas de teatro aplicadas a intérpretes do contrabaixo», no que se abordarán asuntos como a desinhibición, actitude, presenza escénica, imaxinación dramático-musical, biomecánica e respiración.

O programa de concertos do Ludwig Streicher iniciábase o mércores 11 ás 18:00 horas na igrexa de San Domingos de Bonaval cun recital para contrabaixo a cargo de Carlos Méndez (incluído no Festival Via Stellae); e seguirá o xoves 12 ás 12:30 do mediodía na EAEM con outro executado por Frano Kakarigi. Como colofón están programados dous concertos de alumnos o xoves 12 e o venres 13 ás 18:30 horas no auditorio da EAEM.



Alumnos da anterior edición

MARTIM PADROM E MONTSERRAT PRAT IMPARTEN TRES CURSOS ORGANIZADOS POLO CCG

O Centro Coreográfico Galego (CCG) desenvolverá durante o mes de xullo na Coruña tres novos cursos que forman parte do seu plan formativo dirixido a profesionais da danza. Serán en total preto de 30 alumnos os que asistirán ás clases de Danza Clásica Académica e ao Taller de Metodoloxía de Ensinanza, que impartirá o coreógrafo Martim Padrom; así como ao Curso de Producción que correrá a cargo de Montserrat Prat Bruxola, profesora do Institut del Teatre de Barcelona.

A Fundación Luís Seoane da Coruña acollerá do 9 ao 13 de xullo en horario de 9:00 a 14:00 un curso teórico práctico dirixido especialmente a responsables de produción de proxectos e profesionais das artes escénicas. Nel, e da man de Montserrat Prat, os participantes poderán desenvolver un proxecto de produción na súa globalidade, para o que a mestra tocará puntos como o proceso xeral de produción, introdución xeral ao orzamento, análise das necesidades do proxecto artístico, coordinación e comunicación, distribución dos recursos económicos e equipo humano, marketing e distribución, públicos, progresión temporal do orzamento (pre-produción, produción, post-produción, aspectos laborais, contratos, nóminas, etc).



Montserrat Prat

Prat Bruxola, licenciada en Historia da Arte e experta en xestión cultural, ten realizado producións artísticas dende 1986 con diferentes profesionais e organizacións, como o Festival Grec de Barcelona, o Centro Andaluz de Danza, a compañía Metros de danza contemporánea, o Teatro Lliure, o Conservatorio Superior de Danza do Institut del Teatre de Barcelona e a compañía Raraavis.

Para as clases de danza, Martim Padrom, director do Centro Coreográfico da Gomera, propón un traballo coa conciencia corporal no plano horizontal: a procura da calma na pel, músculos, órganos e ósos, co fin de contrastar este estado co soste-lo, co “se porter”, no plano vertical que demanda a danza clásica académica como disciplina. No Taller de Metodoloxía da Ensinanza, Padrom desenvolve a súa técnica sobre a procura do fundamento, de chegar ao punto básico dun

movemento codificado da linguaxe clásica ou moderna, de xeito que ao abordalo as raíces do mesmo sexan asimiladas baixo un punto de vista mecánico, sensorial e intelectual. Os dous cursos terán lugar, en horarios consecutivos, do 16 ao 21 de xullo na sede do Centro Coreográfico, na Avenida de Glasgow da Coruña.

Martim Padrom, formado na Escola de Ballet de Flandes (Bélgica), realiza a súa carreira internacional como bailarín en compañías clásicas e contemporáneas. Crea a súa compañía en París (1993-2000) e desenvolve paralelamente a súa formación e reflexión no campo da pedagogía como profesor na Facultade de Belas Artes de Altea (Alacante) e como instructor de mestres de distintos conservatorios españois. Na actualidade é director do Centro Coreográfico da Gomera e director da Escola Municipal de Danza de San Sebastián da Gomera.

O CDG PECHA A TEMPORADA CUNHA GRAN ACOLLIDA ÁS SÚAS PRODUCCIÓNS E A SÚA PROGRAMACIÓN

O Centro Dramático Galego (CDG) vén de concluír a temporada 2006-2007 cun balance moi positivo, tanto na súa actividade de produción propia e exhibición en Galiza das tres propostas escénicas que estreou nos últimos 9 meses, como no de programación externa na súa sede, o Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Así, dentro do plan de produción propia, as representacións de *O regreso ao deserto*, *Tará-chis-pum!* e *A piragua*, congregaron a máis de 20.000 espectadores. *O regreso ao deserto*, do autor francés Bernard-Marie Koltès, inaugurou a temporada coa súa estrea o 20 de outubro no Salón Teatro baixo a dirección escénica da directora do CDG, Cristina Domínguez. Preto de 5.000 persoas acudiron a ver esta peza que tras 23 representacións para estudantes e para público familiar iniciou a súa xira por 8 localidades galegas ofrecendo un total de 35 funcións.

Por outra banda, máis de 10.200 nenas e nenos disfrutaron de *Tará-chis-pum!*, a montaxe destinada a público familiar, construída a xeito de creación colectiva baixo a dirección de escena de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, de Artello-Teatro Alla Scala 1:5, coa que a compañía institucional chegaba ao ecuador da temporada.

Despois da súa estrea en Vigo o 2 de febreiro, *Tará-chis-pum!* viaxou por 11 localidades e desenvolveu 27 funcións escolares e 18 para público familiar, así como senllas funcións na Feira Europea de Teatro para Nenos e

Nenas (FETÉN) de Xixón e no Festival «Fazer a Festa» do Porto.

A proposta escénica de Cándido Pazó, *A piragua*, puxo fin á temporada cun proxecto resultado da súa experiencia como primeiro dramaturgo residente do CDG. Despois de permanecer por espazo dun mes no Salón Teatro, *A piragua* iniciou o seu período de exhibición fóra da sede escénica do Centro, percorrendo doce escenarios galegos. A xira deste último espectáculo conclúe o 7 de xullo na Coruña, despois dunha corentena de representacións ás que asistiron uns 5.000 espectadores.

Ademais destas tres obras de produción propia, o CDG retomou o sistema de coproducións con empresas privadas. Grazas a esta liña de traballo, o 14 de xuño o novo circo entraba por primeira vez no CDG con *Kamikaze*, coproducido con Pistacatro Productora de Soños. O espectáculo permaneceu catro días no Salón Teatro, onde foi visto por un total de 915 persoas.

210 DÍAS DE ACTIVIDADE NO SALÓN TEATRO

No que atinxe ao Salón Teatro, a temporada 2006-2007 deu cabida a un total de 132 funcións, 65 delas da programación externa na que participaron 44 formacións artísticas, en tanto que o público cifrouse en 17.091 espectadores. As representacións conlevaron 78 xornadas de ensaios e montaxes, co que o espazo escénico mantívose en actividade 210 días dos 303 que integraron a temporada.

A carteleira comezou coa exhibición de *O regreso ao deserto* do 20 de outubro ao 19 de novembro, trala que o



Goldi e Marcos Orsi ensaiando *A piragua*

espazo que xestiona o CDG acolleu a gala final do *Certame de Creación Coreográfica de Galicia*. A programación dedicada á danza continuaba no mes de xaneiro con *Vacuo*, o exitoso espectáculo do Centro Coreográfico Galego (CCG) que conseguiu encher o Salón Teatro con máis de 850 persoas en catro días de funcións. *Bonnes & Oceans* de Rui Horta, *J'arrive*, de Marta Carrasco, *Elles* de Allertour, *Los olvidados* de Rayo Malayo, *Ojos de Pez* de Daniel Abreu dentro do Festival En Pé de Pedra, así como as coproducións *Arte a escena* e *30.000*, a cargo do CCG con Experimenta Danza e Pisando Ovos respectivamente, conformaron a programación dedicada á danza actual. En total, nove compañías desenvolveron 19 funcións desta disciplina, que foron vistas por máis de 2.500 espectadores.

Canto ao apartado de música, o Salón Teatro acolleu no mes de febreiro un ciclo de música no que participaron o dúo de saxo e electrónica Pedro

Rebello e Pablo Coello, o compositor galego Manuel Rodeiro que estreou o seu último traballo *Fende-lo Son*, e o grupo de percusión portugués Drumming que rendeu o seu particular tributo á obra do músico norteamericano Frank Zappa. Programouse, ademais, unha extensión en Compostela do *Festival Sinsal*, un encontro de referencia para a música contemporánea en Galiza, que até entón se celebraba unicamente na cidade de Vigo. O festival, ao que acudiron 316 espectadores, contou coas actuacións de A Hawk and A Hacksaw & The Hun Hungar Ensemble, a norueguesa Hanne Hukkelberg e o grupo inglés Tunng.

O xénero teatral foi o gran protagonista canto a número de espectadores e funcións programadas: máis de 4.200 persoas disfrutaron das 36 funcións que realizaron compañías tan emblemáticas de fóra de Galiza como Uroc Teatro e o Centro Dramático Nacional con *El señor Ibrahim y las flo-*

res del Corán, a compañía Fila 7 con *Lorca eran todos*, o Teatro Nacional San Joao con *Woyzeck*, os portugueses Circolando coa montaxe *Quarto Interior*, o grupo vasco Ur Teatro con *El chico de la última fila*, Teatro Lliure e Centre d'Arts Esceniques de Reus-Caer con *Last Chance (última oportunidade)*, La Zaranda con *Los que ríen los últimos* ou os madrileños de Rayo Malayo con *Los olvidados*, que compartiron carteleira cos últimos espectáculos das compañías galegas Teatro de Ningures, que estreaou *Emigrados*; ou Lagarta Lagarta e Matarile Teatro, con *As últimas lúas* e *Truenos y misterios* respectivamente. O teatro non profesional tamén tivo o seu oco coa *Mostra de Teatro Universitario* celebrado no mes de maio, así como co certame de teatro escolar en xuño. Tampouco hai que esquecer a *Semana de Teatro Infantil* que tivo lugar no mes de decembro e que durante cinco días congregou a un público familiar integrado por 920 persoas, a meirande parte nenos e nenas.

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Audición para a selección de 10 bailaríns/bailarinas para temporada 2007-2008 do Centro Coreográfico Galego	O proceso selectivo realizarase no transcurso dun taller de cinco días de duración (do 20 ao 24 de agosto) que impartirá o director e coreógrafo Roberto Oliván na sede do CCG. As bases da convocatoria foron publicadas no DOG nº 97 de 22 de maio de 2007.	Bailaríns e bailarinas maiores de idade. Máis información: http://www.igaem.xunta.es/servizos/convocatoria.php?id=47&lg=gal .	2 de xullo
Incrisión de grupos musicais na RGMV	Conformación da programación de 2008 da Rede Galega de Música ao Vivo.	Grupos e solistas de formacións musicais galegas de todos os estilos que se inscriban a través de www.galescena.info/musicavivo .	3 de agosto
Inscrpción no Taller de Movemento Físico e a súa aplicación á escena. Forza e fraxilidade , impartido por Iñaki Azpillaga	O Centro Coreográfico organiza este taller dirixido a afondar na experiencia do movemento físico e a súa aplicación á escena, percorrendo os terreos do movemento, a danza e a expresión escénica e animando aos alumnos a traspasar os seus propios límites. Desenvolverase do 10 ao 14 de setembro na sede do CCG na Coruña.	Alumnos/as e intérpretes de danza. 20 prazos.	Do 1 ao 31 de agosto
Serie de partituras «Agra Nova»	Recepción de partituras para o proceso de selección de obras que integrarán «Agra Nova», a serie dedicada a compositores actuais da colección Ars Gallaeciae Musicae.	Dirixida a compositores galegos actuais, que han de enviar as súas composicións mediante a achega de 3 copias impresas, sinopse e comentario da obra, currículo e datos de contacto do autor.	1 de outubro

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Renda 2006	Confirmación do borrador da Declaración da Renda con resultado a devolver, renuncia á devolución, negativo e a ingresar sen domiciliación en conta.	Persoas físicas.	2 de xullo
	Declaración anual 2006 (modelos D-100 e D-101).	Profesionais e empresarios individuais.	2 de xullo
Consellería de Traballo Promoción do emprego autónomo	- Subvención financeira de redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como autónomos. - Rendas para o inicio da actividade (até 3.000 euros). - Axuda excepcional (até 3.600 euros).	Desempregados inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo como autónomos independentes ou que constitúan unha sociedade limitada. Máis información en: http://traballo.xunta.es/loader.jsp?cont=9158 (Orde do 1 marzo publicada no DOG nº48 do 8 de marzo de 2007).	15 de setembro

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo Incentivos á contratación indefinida de persoas con discapacidade	Incentivos á contratación indefinida de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (até 3.907 euros).	Empresas que contraten con carácter indefinido a traballadores con discapacidade desempregados ou procedentes de centros especiais de emprego. Mais información en: http://traballo.xunta.es/loader.jsp?cont=9162 (Orde do 6 de marzo publicada no DOG nº54 do 16 de marzo de 2007).	15 de setembro
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Microcréditos para mulleres emprendedoras e empresarias	Préstamos de até 18.000 euros en condicións vantaxosas e sen necesidade de avais.	Mulleres emprendedoras e empresarias.	31 de decembro
Convenio 2007 IGAPE-ICO-EEFF	Apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galiza financiados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e as entidades financieras.	Microempresas ou pemes que formalicen operacións de crédito con cargo a algunha das liñas do Plan de Fomento Empresarial 2007 do ICO por un importe superior a 25.000 € e cumpran coas condicións específicas establecidas no convenio.	28 de febreiro de 2008

3. OUTRAS CONVOCATORIAS

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Premio Born de Teatro	XXXII edición do premio que convoca o Circle Artistic de Ciutadella (Menorca), dotado con 18.500 € e a edición da obra gañadora en español, catalán e galego.	Textos dramáticos inéditos, escritos en español ou catalán, non representados nin premiados noutros concursos.	31 de xullo



¡Todo o mundo a escena! A economía do teatro: unha ferramenta de xestión no sistema teatral galego

Francisco J. Sanjiao
Editorial TrisTram
Colección Máscaras, nº 8
ISBN: 84-89377-73-1
PVP: 18,50 euros

Libro no que, dende unha perspectiva económica e complementaria, analízase o feito teatral. Apúntase en clave positiva a necesidade de considerala industria teatral como unha empresa cultural que debe funcionar a partir da consolidación de estruturas eficientes, innovadoras e competitivas que dinamicen o mercado teatral.

Rexistro de datos XANEIRO/MAIO 2007

IGAEM

CDG

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ribadeo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	97	130,00 €
Vigo	<i>Regreso ao deserto</i>	1	244	1.584,00 €
Narón	<i>Regreso ao deserto</i>	2	142	608,40 €
Vigo	<i>Tará Chis Pum</i>	3	435	1.337,67 €
As Pontes	<i>Tará Chis Pum</i>	3	153	36,00 €
Ferrol	<i>Tará Chis Pum</i>	3	311	168,33 €
Ourense	<i>Tará Chis Pum</i>	3	228,33	534,67 €
Xixón	<i>Tará Chis Pum</i>	1	718	[de balde]
A Coruña	<i>Tará Chis Pum</i>	5	230,8	567,80 €
Compostela	<i>Tará Chis Pum</i>	19	184,74	487,42 €
A Estrada	<i>Tará Chis Pum</i>	2	189	359,00 €
Narón	<i>Tará Chis Pum</i>	2	155	598,82 €
Foz	<i>Tará Chis Pum</i>	5	163	[de balde]
Compostela	<i>A Piragua</i>	23	108,61	278,52 €
Ourense	<i>A Piragua</i>	1	70,00	412,20 €
Vigo	<i>A Piragua</i>	1	276,00	986,00 €
Lalín	<i>A Piragua</i>	1	50,00	112,00 €
Tui	<i>A Piragua</i>	1	70,00	242,00 €

CCG

CONCELLO	ESPECTÁCULO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Compostela	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
A Coruña	<i>Vacuo</i>	2	459	1.991,20 €
Vigo	<i>Vacuo</i>	1	729	4.828,50 €
Narón	<i>Vacuo</i>	1	226	978,00 €
Vilagarcía	<i>Vacuo</i>	1	125	365,00 €
Pontevedra	<i>Vacuo</i>	1	197	685,00 €
Barco de Valdeorras	<i>Vacuo</i>	1	85	339,00 €
Tui	<i>Vacuo</i>	1	324	1.133,00 €
Ferrol	<i>Vacuo</i>	1	193	965,00 €
Lugo	<i>Vacuo</i>	1	189	1.083,00 €
Ribadeo	<i>Vacuo</i>	1	136	340,00 €
Cangas	<i>Vacuo</i>	1	367	1.408,00 €
Ourense	<i>Vacuo</i>	2	205,5	1.854,50 €
Arteixo	<i>Vacuo</i>	1	103	277,45 €
Carballo	<i>Vacuo</i>	1	60	110,50 €
Barcelona	<i>Vacuo</i>	1	181	1.255,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CCG	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
Circolando	<i>Quarto Interior</i>	2	94	380,50 €
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,5	155,50 €
Marta Carrasco	<i>J'arrive...</i>	2	78	331,00 €
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2	104	417,00 €
Allerretour	<i>Ellas</i>	2	33,5	219,00 €
Teatre Lliure	<i>Last Chance</i>	2	88	419,50 €
Pedro Coello	<i>Fragmentos</i>	1	30	231,00 €
La Zaranda	<i>Los que rien los últimos</i>	2	59	323,00 €
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81	195,00 €
Teatro de Ningures	<i>Emigrados</i>	2	230,5	563,00 €
Drumming	<i>Un tributo a Frank Zappa</i>	1	135	690,00 €
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30	179,00 €
Lagarta Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	2	83,5	268,00 €
CDG	<i>Tará Chis Pum</i>	19	184,7	487,42 €
CDG	<i>A Piragua</i>	23	108,6	278,52 €
Experim. Danza + CCG	<i>Arte a escea</i>	2	125	233,00 €
Sinsal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár ...</i>	1	78	606,00 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCIONS	PÚBLICO	Ocupación	FACTURADO
Salón Teatro	71	9.074	46,99 %	28.441,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84 %	2.930,80 €
<i>Tará Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91 %	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	26	2.826	39,96 %	8.158,20 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	21	5.090	48,69 %	25.712,85 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNC	FACT/FUNCION
10&10 Danza	1	40,00	89,50 €
A Factoría Teatro	9	135,00	686,98 €
A Internacional	3	58,33	51,25 €
Ancora Produccións	3	59,33	244,67 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	5	56,00	96,80 €
B. Studio	1	38,00	87,00 €
Berrobombán Teatro	8	142,00	376,56 €
Caramuxo Teatro	3	65,67	79,55 €
Chrystyan Magic	2	261,50	460,75 €
Companhia do Chapitô	2	52,50	108,25 €
Cuarteto de corda da orquestra «Solistas de Galicia»	1	14,00	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la carta	2	183,00	245,50 €
Dani García	2	82,00	193,00 €
Decamerón e Cía.	1	71,00	177,50 €
Disque Danza	2	86,00	147,00 €
Dúo Antón de Santiago- Alexis Díez	3	46,33	91,83 €
Dúo Instrumental Dirección	1	4,00	10,00 €
Erre que erre	2	71,00	87,00 €
Espello Cóncavo	9	97,11	426,37 €
Fulano, Mengano e Citano	15	180,07	645,77 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57,00	141,00 €
Grupo de Música Antiga			
Martín Codax	2	37,50	114,00 €
Inquedanza	1	55,00	122,50 €
Julia Cea e Mondello Quartet	1	59,00	29,00 €
La imaxina machina	8	106,00	169,49 €
Lagarta Lagarta	17	134,18	494,66 €
Ludus Tonais	1	8,00	16,00 €
Luis Boyano	2	84,50	143,70 €
Mago Benxamín	2	99,50	126,50 €
Mago Calí	1	271,00	325,20 €
Mago Kiko	1	82,00	157,50 €
Mago Marttyn	1	80,00	154,00 €
Mago Richard	4	124,50	248,13 €
Malasombra	4	80,50	315,69 €
Máscara Produccións	4	127,75	470,00 €
Migallas Teatro	7	101,86	128,22 €
Mimo-Mago Anyo	3	154,00	243,33 €
Mofa e Befá	9	147,11	491,07 €
Nova Galega de Danza	2	91,00	295,00 €

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍAS

Nove Dous	6	79,33	218,08 €
Nut Teatro	8	159,25	230,13 €
O Mago Teto	2	132,00	253,25 €
Omar Percusión	1	47,00	31,00 €
Os Colombaiños	6	172,17	83,33 €
Os Quinquilláns	1	250,00	0,00 €
Os sete magníficos máis un	4	109,75	268,38 €
Os Tirinautas	2	145,50	328,75 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	3	117,67	253,50 €
Pisando Ovos	1	80,00	377,00 €

Quinteto de vento metal			
Santa Cecilia	1	70,00	51,00 €
Quinteto de vento Pentafonía	4	24,50	55,88 €
Quinteto Santa Cecilia	1	12,00	60,00 €
Sala Yago	5	115,00	194,04 €
San&San	5	83,00	171,30 €
Sarabela Teatro	18	137,00	612,95 €
Susana de Lorenzo	1	22,00	110,00 €
Talia Teatro	8	127,50	312,81 €
Tanttaka Teatroat	4	168,00	991,15 €
Teatre Arca	7	99,71	463,01 €
Teatro de la Luna	6	159,83	314,17 €
Teatro de Ningures	16	128,44	420,31 €
Teatro del Andamio	3	88,33	190,83 €
Teatro do Atlántico	12	67,17	215,54 €
Teatro do Lilo	3	113,00	226,67 €
Teatro do Morcego	12	138,67	464,82 €
Teatro do Noroeste	12	118,75	600,08 €
Teatro dos Tirinautas	1	119,00	364,00 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	13	88,85	269,69 €
Titeres Cachirulo	5	273,40	505,10 €
Titeres en acción	4	126,50	324,63 €
Titeres Trompicallo	4	103,00	183,50 €
Titzina Teatre	4	69,00	297,25 €
Trio Musical Intermezzo	1	28,00	140,00 €
Vocalise	2	11,50	30,50 €
Yllana Teatro	2	300,50	1.082,50 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	9	120,56	780,58 €
A Estrada	10	87,30	293,10 €
Ames	10	64,60	137,45 €
Arteixo	8	171,63	217,33 €
As Pontes de García Rodríguez	6	110,50	137,70 €
Betanzos	4	111,50	284,75 €
Boiro	8	129,25	173,81 €
Burela	9	145,22	368,83 €
Cambados	4	111,75	138,00 €
Cangas	8	158,38	368,50 €
Carballo	8	109,75	286,30 €
Cariño	7	32,00	52,14 €
Cedeira	3	21,67	43,33 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	6	51,67	91,21 €
Ferrol	5	85,20	375,00 €
Foz	7	87,29	41,29 €
Lalín	6	185,83	143,25 €
Lugo	4	240,50	922,00 €
Monforte de Lemos	6	100,83	220,00 €
Muros	10	72,10	140,95 €
Narón	14	174,29	742,33 €
O Barco de Valdeorras	7	65,86	212,57 €
O Carballiño	4	96,50	293,00 €



Rexistro de datos XANEIRO/MAIO 2007

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNC	FACT/FUNC
Oleiros	5	191,40	664,10 €
Ortigueira	4	30,00	60,00 €
Ourense	11	138,91	698,33 €
Ourense (Auditorio)	9	112,89	211,56 €
Ponteareas	11	177,82	430,55 €
Pontevedra	5	105,40	406,20 €
Redondela	7	215,86	659,57 €
Ribadeo	17	116,47	367,29 €
Sada	10	109,00	75,30 €
San Sadurniño	8	58,13	115,13 €
Santiago de Compostela	23	109,13	390,00 €
Sanxenxo	5	76,60	219,60 €
Tui	13	196,62	494,08 €
Vigo	11	150,27	427,91 €
Vigo (Caixanova)	7	278,86	1.750,86 €
Vilagarcía de Arousa	12	30,75	86,50 €
Vilalba	5	67,00	193,80 €
Vilanova de Arousa	3	53,33	0,00 €
Viveiro	4	86,75	337,75 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcións	266	340
Público	42.659	40.228
Ocupación	39,94 %	30,1%
Facturado	129.067,70 €	119.523,81 €

REDE GALEGA DE SALAS

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
A Coruña (Teatro del Andamio)	16	33,31	90,19 €
Santiago (Sala Nasa)	18	44,33	239,67 €
Santiago (Sala Yago)	24	48,58	237,06 €
Vigo (Teatro Arte Livre)	20	11,65	99,00 €
Vigo (Teatro Ensalle)	8	26,75	194,81 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS

FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURACIÓN
86	2.944	36,22%	14.985 €

MÚSICA AO VIVO (Febreiro/maio 2007)

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
6pm	5	62,80	126,80 €
Anacos de Buxo	6	29,83	51,50 €
Anger	6	43,17	51,33 €
Ataque Escampe	7	47,86	97,00 €
Blue Rain	10	29,40	52,60 €
Bukovski trio	11	36,64	77,91 €

GRUPOS

Coda	10	34,90	86,30 €
Color Café	10	42,90	92,00 €
Détour	7	30,29	64,29 €
Diego Freire	3	20,00	30,67 €
Diego Massinimi	8	17,88	37,75 €
Dr. Funkstein	9	45,33	77,44 €
Dreams of Dolly sheep	5	41,80	107,80 €
El Pablo	8	42,00	52,44 €
Hot Kawa Club	9	29,89	62,89 €
Ergon	8	69,00	113,63 €
Esenia	1	50,00	100,00 €
Fabulosos cubatas de ...	10	69,90	138,10 €
Grasa	10	58,90	109,10 €
Guezos	5	54,00	116,00 €
Jaso&Bo	8	31,38	48,50 €
Jato Neiro Jazz Trio	8	27,00	45,25 €
Los Iribarnes	2	103,00	309,00 €
Lume	7	49,43	70,14 €
Mk Nónimo	3	27,00	29,83 €
O leo i arremechágon	5	36,00	50,80 €
Ocean's Garden	4	53,00	127,50 €
Os Trasnros de Moscoso	9	25,67	41,89 €
Phantom Club	8	61,25	126,13 €
Querido Salvaje	3	24,33	43,33 €
Ragdog	7	58,29	135,57 €
Renato Spencer & Café Caxara	12	47,58	94,00 €
Safari Orquesta	1	66,00	66,00 €
Sevigny	4	29,00	72,50 €
Sax Machine	6	44,83	92,67 €
Snail	5	34,80	36,80 €
Tango Project	11	38,18	53,45 €
Telemaco	4	48,00	106,00 €
The Sweat	10	41,10	53,10 €
The Turre's Band	4	63,25	146,25 €
Thunn	3	41,33	301,33 €
Toques de Caramulo	4	49,50	53,25 €
Trifulka	4	22,00	31,50 €
Xoan Curiel	11	36,00	40,82 €
Zumbido	4	28,50	64,75 €
A Compañía do Ruido	8	88,50	240,63 €
A matraca perversa	8	34,50	100,50 €
Aguardiente Swuing Quarter	5	33,80	147,00 €
Cornelius	10	65,70	219,40 €
Dios ke te crew	11	90,64	281,64 €
Ectoplasma	8	63,13	197,75 €
Faltriqueira	7	103,57	491,71 €
Marcos Pin Trio	9	30,33	108,11 €
Miguel Costas y la Banda Turca	7	86,71	191,79 €
Moon Cresta	10	41,00	150,70 €
Mr. Dixie Jazz Band	9	40,89	133,56 €
Narf	7	35,00	90,86 €
Niño y pistola	7	54,43	198,00 €
Pablo Bicho Cuarteto	5	39,80	73,00 €
Pepe Vaamonde Grupo	8	61,75	208,75 €
Quempallou	2	98,00	449,75 €
Roberto Somoza Cuarteto	5	32,60	108,40 €
Robin de los estercoleros	5	58,00	229,60 €
Ruxe-Ruxe	13	61,62	181,46 €

GRUPOS

Soak	7	81,71	317,14 €
Sugar Mountain	7	58,29	175,71 €
Victor Aneiros Band	1	92,00	192,00 €
Zenar	7	46,71	135,86 €

SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
A Fragua (REDONDELA)	10	35,30	60,70 €
Ache (MARÍN)	7	64,00	244,00 €
Aturuxo (BUEU)	19	71,47	313,89 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	13	35,54	83,62 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	9	73,67	182,06 €
Baranda (O BARCO)	11	90,91	170,00 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19,00	38,00 €
Borriquita de belén (SANTIAGO)	8	48,00	49,63 €
Café Concerto Antano (ORDES)	11	54,55	96,00 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	11	41,36	113,09 €
Casa das Crechas (SANTIAGO)	5	37,60	69,40 €
Clandestino (NIGRÁN)	8	46,25	153,88 €
Clavicembalo (LUGO)	27	32,59	79,96 €
Contrabajo (VIGO)	10	39,30	60,30 €
El Ensanche (VIGO)	13	22,54	64,15 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	4	150,00	198,75 €
Garufa (A CORUNA)	12	31,00	107,92 €
Jazz Filloa (A CORUNA)	4	40,25	153,25 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	14	32,43	137,43 €
La Casa de Arriba	13	13,15	40,00 €
La Fábrica de Chocolate (VIGO)	20	55,25	204,65 €
Manteca Jazz (VIGO)	7	57,14	182,71 €
Marrucho (BAIONA)	9	46,78	143,56 €
O Con do Moucho (BAIONA)	7	63,43	80,57 €
Planeta, c.b. (BAIONA)	8	73,88	175,13 €
Pub d'Antón rock café (A LARACHA)	24	35,92	57,42 €
Pub Gatos (MELIDE)	19	42,58	78,58 €
Pub Kilé (ORDES)	10	56,40	114,20 €
Remache (VIGO)	4	35,00	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	9	51,22	102,44 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	10	65,50	180,50 €
Sala Dzine (SAN SADURNIÑO)	16	70,75	152,25 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	10	33,70	115,50 €
Sala Mogay (CHANTADA)	8	46,88	140,63 €
Sala Son (CANGAS DE MORRAZO)	9	28,67	65,22 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	11	62,55	76,18 €
Vagalume café concerto (SALVATERRA)	7	60,71	129,29 €
Verbum Jazz (VIGO)	8	31,50	67,75 €
Verbum Náutico (VIGO)	8	33,38	58,25 €
Woodstock (PORTONOVO)	12	22,33	60,58 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	10	67,90	164,10 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO	2007
Concertos	461
Público	22.308
Ocupación	25,53%
Facturado	56.106,00 €

